



INFORME: GALICIA NO ANUARIO DE ESTATÍSTICA DEPORTIVA 2023

OBSERVATORIO GALEGO DO DEPORTE DO CLÚSTER GALEGO DA INDUSTRIA DO DEPORTE E BENESTAR

Colección Informes

Nº 1/2023

A Coruña

Edición

Observatorio Galego do Deporte

Clúster da Industria do deporte e o benestar de Galicia

Autoría

Sofía Toro Prieto-Puga

Eduardo Agulló Canosa

Candela Rial Soto

Adrián Eirey Moreira

Carla da Silva Castro

Financiamento

Axudas ás agrupacións empresariais innovadoras emerxentes (clústeres emerxentes) na Comunidade Autónoma de Galicia, do Instituto Galego de Promoción Económica - Igape

Ilustracións

www.freepik.es

www.unsplash.com

ISSN

3020-9544

ÍNDICE

Introdución	3
Datos máis relevantes	4
Resumo executivo	5
Análise	9
1.- Empresas vinculadas ao deporte	10
2.- Gasto dos fogares vinculado ao deporte	14
3.- Gasto público vinculado ao deporte	19
4.- Ensinanzas vinculadas ao deporte	22
5.- Deporte federado	25
6.- Formación de adestradores/as	29
7.- Hábitos deportivos	34
8.- Instalacións e espazos deportivos	45
9.- Campionatos universitarios e en idade escolar	49
Conclusións	51

INTRODUCCIÓN

O Observatorio de datos do *Clúster Galego da Industria do Deporte e o Benestar* ten, entre os seus obxectivos, a **análise de informes e estatísticas** relacionadas coa práctica deportiva, poñendo a ollada nos **datos relevantes para a nosa comunidade**. De este xeito, convírtese nunha ferramenta fundamental para o desenvolvemento conxunto da industria do deporte e benestar.

Dende a fundación do Clúster, **manifestouse a relevancia que ten a creación dun Observatorio de datos baseado nun sistema de información fiable, cuxos indicadores sexan postos a disposición de todos os axentes implicados no sector deportivo de Galicia**, e que permita a difusión de datos periódicos que faciliten o seguimento dos obxectivos marcados no Plan Estratéxico da entidade.

Dentro deste Observatorio preténdese dotar á industria do deporte e o benestar, de datos que contextualicen e sirvan de apoio para a construción de proxectos estratéxicos en cada un dos seus subsectores. E, mediante o mesmo, o Clúster ten o compromiso de analizar os informes de relevancia elaborados por entidades alleas así como **elaborar de forma interna novos informes**.


Neste documento analízase o **Anuario de Estadística Deportiva 2023** elaborado pola “División de Estadística y Estudios” da “Secretaría General Técnica del **Ministerio de Cultura y Deporte**”,

constituíndo a súa décimo primeira edición. Nela recóllense unha selección dos datos máis relevantes do **ámbito deportivo** que se realizou a partir de numerosas fontes estatísticas que esta entidade tiña á súa disposición.

Este traballo realizouse co interese de **facilitar o coñecemento da situación do sector deportivo español e a súa evolución** en relación aos anos anteriores e divídese en tres grandes bloques: un primeiro relacionado coas **estimacións de carácter transversal** relativas o emprego e empresas vinculadas ao deporte, gasto no sector por fogares e ensinanza, entre outros; un segundo bloque no que se ofrece **información cun carácter máis específico do propio sector deportivo** con indicadores, como por exemplo deporte federado, formación de adestradores/as e control da dopaxe; e, finalmente, un terceiro bloque dedicado ás **magnitudes internacionais** cuns indicadores relacionados co emprego europeo e comercio exterior das estatísticas procedentes da EUROSTAT.

Cabe mencionar que, en varios capítulos do informe, a modo de nota, indícase que, como **consecuencia ao estado de alarma da pandemia COVID-19**, o tamaño da mostra das primeiras entrevistas foi afectado; polo tanto, os coeficientes de variación das estimacións máis desagregadas poderían ser superiores ao habitual.

O Observatorio Galego do Deporte do Clúster Galego da Industria do Deporte e o Benestar, en consonancia cos obxectivos da súa constitución, **analizou os datos referentes a Galicia e publica neste informe os máis relevantes**.



DATOS MÁIS RELEVANTES —

Durante a análise do Anuario de Estadística Deportiva 2023, no que se estudou a situación da Comunidade de Galicia no sector deportivo en diferentes ámbitos comparándoa co resto de comunidades que conforman España, encontráronse algúns datos que se considera necesario destacar, así coma profundizar neles debido ao impacto que provocan sobre a realidade galega. Estes datos serven de referencia para sentar as bases sobre as que se construírán diversos proxectos en relación coa mellora do sector deportivo da comunidade galega, permitindo ampliar o contexto no que se desenvolve a actividade da industria do deporte e do benestar.

RESUMO EXECUTIVO —


1.- Empresas vinculadas ao deporte	10
<ul style="list-style-type: none"> • Galicia conta cunha forte masa empresarial na industria do deporte, situándose no Top 5 estatal con máis de 2.600 empresas. 	
2.- Gasto dos fogares vinculado ao deporte	14
<ul style="list-style-type: none"> • Os fogares galegos incrementan o sus gastos en bens e servizos deportivos situándose xa por enriba da media (233€ por fogar). 	
3.- Gasto público vinculado ao deporte	19
<ul style="list-style-type: none"> • A Xunta de Galicia adianta a Generalitat Valenciana e xa é a 4ª CCAA cun maior investimento no sector deportivo. • As entidades locais galegas situándose por debaixo da media estatal en gasto no sector deportivo. 	
5.- Deporte federado	25
<ul style="list-style-type: none"> • A brecha entre mulleres e homes federados é maior en Galicia que na media estatal. • Galicia destaca tanto en número de licencias federativas como en clubs federados. 	
6.- Formación de adestradores/as	29
<ul style="list-style-type: none"> • Actualmente en Galicia hai máis galegas formándose como adestradoras que galegos. 	
7.- Hábitos deportivos	34
<ul style="list-style-type: none"> • Galicia é a comunidade autónoma onde menos deporte se practica. • A comunidade deportista galega encabeza a participación en competición deportivas organizadas. • A poboación galega sitúase entre as que menos van ao ximnasio. 	
8.- Instalacións e espazos deportivos	45
<ul style="list-style-type: none"> • Galicia consta de 9.843 espazos deportivos e 5.216 instalacións deportivas. 	

A COMUNIDADE DEPORTISTA GALEGA ENCABEZA A PARTICIPACIÓN EN COMPETICIÓN DEPORTIVAS ORGANIZADAS

Sen embargo, de entre todas as persoas que practicaron deporte no último ano **en Galicia, un 19% participou en competicións deportivas organizadas**, situando á comunidade galega no 2º lugar, sendo superada polo conxunto entre Ceuta e Melilla.



Persoas que practicaron deporte no último ano segundo a súa participación en competicións deportivas organizadas. Distribución porcentual da poboación que practicou deporte no último ano de cada colectivo 2022 (Figura 11.12)



Persoas que pertencen como membros, socias ou abonadas a ximnasios, asociacións ou clubs deportivos por titularidade. Na porcentaxe de toda a poboación investigada que son abonadas ou socias de ximnasios 2022 (Figura 11.34)

A POBOACIÓN GALEGA SITÚASE ENTRE AS QUE MENOS VAN AO XIMNASIO

En relación á porcentaxe de **persoas que pertencen como membros, socias ou abonadas a ximnasios, asociacións ou clubs deportivos**, **Galicia** encóntrase no **antepenúltimo lugar** de entre as comunidades españolas, cun **17,9%**. Con respecto á **media española**, esta mantén unha diferenza de **2 puntos porcentuais** sobre a galega, e de 5 puntos coa comunidade coa maior porcentaxe, correspondéndose neste caso, co País Vasco.

ANÁLISE

Neste apartado presentamos unha análise detallado da situación da comunidade galega respecto ao resto de comunidades que conforman o país español en relación á información recadada no Anuario de Estadística Deportiva 2023.

Deste anuario estudáronse as mostras de datos que se atopaban divididas por comunidades. Deste xeito, **neste informe preséntanse unha comparación entre a situación de Galicia e o resto de comunidades**, así como os valores medios de todas elas, ordenando os datos de forma ascendente ou descendente. Na súa maioría a mostra representativa pertence aos anos 2020, 2021 e 2022 e, noutros, a anos anteriores, por non existir unha mostra máis recente na base de datos utilizada no Anuario.


En definitiva, este informe mostra a imaxe de Galicia no cómputo español dende as variables de comunidade autónoma, ano e sexo, no cómputo global, e outras máis específicas correspondentes ao ámbito deportivo analizado en cada caso.

1.- EMPRESAS VINCULADAS AO DEPORTE —




GALICIA CONTA CUNHA FORTE PRESENCIA EMPRESARIAL NO SECTOR DEPORTIVO

Galicia está **por riba da media** en canto a seu número de empresas vinculadas ao deporte, **situándose 5º de España**, pero o seu incremento porcentual foi **menor (3.3%)** que o da **media (6.5%)** do 2021 ao 2022.




Empresas vinculadas ao deporte 2021-2022 (Figura 2.4)




Empresas vinculadas ao deporte pola súa actividade económica principal 2022 (1) (Figura 2.7)

Por unha banda, **Galicia é a 6ª** comunidade autónoma cun **maior número de empresas** cuxa actividade económica principal é a **fabricación de artigos de deporte**, **superando lixeiramente á media** de España por unha cifra.




Empresas vinculadas ao deporte pola súa actividade económica principal 2022 (2) (Figura 2.7)

Mentres que pola outra, sitúase **entre as 5 mellores** en canto ao número de empresas cunha actividade principal enfocada as actividades deportivas **(2.058)**, **superando tamén, á media do conxunto (1.924)**.



Empresas vinculadas ao deporte pola súa actividade económica principal 2022 (3) (Figura 2.7)

Galicia é a 5ª comunidade autónoma, cun **maior número de empresas** cuxa actividade económica principal é o **comercio ao por menor de artigos deportivos**, **superando á media** de España en case un tercio do seu valor, **367 empresas** fronte ás **284 do cómputo nacional**.




Empresas vinculadas ao deporte pola súa actividade económica principal 2022 (4) (Figura 2.7)

Amais, no caso daquelas empresas cunha orientación cara a **educación recreativa e deportiva**, **Galicia supera a media por dúas decenas** aproximadamente, de maneira que se sitúa na **6ª posición** de entre todas as comunidades que conforman España.

2.- GASTO DOS FOGARES VINCULADO AO DEPORTE _____




2.- GASTO DOS FOGARES VINCULADO AO DEPORTE



Gasto en bens e servizos vinculados ao deporte. Gasto total en millón de euros 2020-2021 (Figura 3.3)

Do 2020 ao 2021, **Galicia** pasou de estar por **debaixo da media** no **gasto en bens e servizos vinculados ao deporte**, a **superala con creces** no 2021 aumentando un **52.4%** a súa cifra no 2020, e **incrementando o gasto en case 100 euros**.




Gasto en bens e servizos vinculados ao deporte. Gasto medio por fogar, unidade de consumo e persoa en euros 2021 (Figura 3.3)

En cada un dos **fogares galegos**, durante o 2021, gastáronse uns **238 euros** en **bens e servizos deportivos**, **sobrepasando** escasamente **á media nacional (233 €)**. Seguindo co **gasto por unidade de consumo**, **Galicia** alcanzou os **144 €**, e no **gasto medio por persoa**, uns **99 €**, **superando ó computo español en 5 €** en ámbolos dous casos.


GALICIA MANTENSE NA MEDIA EN CANTO AO GASTO NO SECTOR DEPORTIVO

Proporcionalmente, dos **cartos totais vinculados co sector deportivo**, a **poboación galega gasta máis diñeiro en servizos recreativos e deportivos**. Mais en comparación co resto de comunidades autónomas, **Galicia gasta 45 euros máis ca media en equipos relacionados co deporte e o ocio**.




Gasto en bens vinculados ao deporte por grupos de gasto. Valores absolutos en millóns de euros 2021.(Figura 3.4)

2.- GASTO DOS FOGARES VINCULADO AO DEPORTE




Gasto en bens vinculados ao deporte por grupos de gasto. Gasto medio por fogar en millóns de euros 2021(Figura 3.4)


Respecto ao **gasto medio por fogar**, as galegas e galegos están por **debaixo da media** (**135 €** fronte a **160 €**) mentres que **a superan no gasto en equipos relacionado cos deportes de ocio** (**103 €** fronte a **74 €**), quedando **Galicia** no cómputo total 5 € por **encima da media**.



2.- GASTO DOS FOGARES VINCULADO AO DEPORTE



Gasto en bens vinculados ao deporte por grupos de gasto. Gasto medio por unidade de consumo en euros 2021 (Figura 3.4)



Gasto en bens vinculados ao deporte por grupos de gasto. Gasto medio por persoa en euros 2021 (Figura 3.4)


Galicia ten una cifra do **gasto no sector deportivo** moi **similar á media española**, sen embargo, ao diseccionar os datos podemos observar que no **gasto en servizos recreativos e deportivos** se encontra **por debaixo da mesma** cuns **56 €** fronte a **64 €**; e, pola contra, a **poboación galega** encóntrase por **enriba da media** (**43 €** fronte a **27 €**) no **gasto en equipos relacionados co deporte e o ocio**.

3.- GASTO PÚBLICO VINCULADO AO DEPORTE _____




A XUNTA DE GALICIA ESTÁ NO TOP 5 DAS COMUNIDADES QUE DESTINAN UNHA MAIOR CIFRA DE ORZAMENTOS AO SECTOR DEPORTIVO

Galicia no 2021 está **por riba da media** en canto ó **gasto liquidado no deporte** pola Administración **Autonómica** encontrándose no **4º posto** do total de comunidades españolas.




Informe 2023: Galicia no anuario de estatística deportiva

OS CONCELLOS MÁIS PEQUENOS SON OS ÚNICOS EN ACHEGARSE Á MEDIA NACIONAL NO GASTO LIQUIDADO EN DEPORTE



Gasto Liquidado no deporte pola Administración Local 2021 (Figura 4.8)




Gasto liquidado en deporte polos concellos polo tamaño do municipio 2021 (Figura 4.9)


4.- ENSEÑANZAS VINCULADAS AO DEPORTE —



GALICIA ESTÁ FÓRA DO TOP 10 EN ALUMNADO POR NÚMERO DE HABITANTES



Centros, profesorado e alumnado matriculado en Ensinanzas deportivas de Réximen Especial (1) (Figura 5.5)




Centros, profesorado e alumnado matriculado en Ensinanzas deportivas de Réximen Especial (2) (Figura 5.5)

No curso 20-21 **Galicia** ten un número de **centros (7) dedicados ás Ensinanzas deportivas de Réximen Especial sobre a media española (6)**. Por outro lado, **non conta con ningún centro público específico deste tipo de ensinanzas**.


Galicia no curso 20-21 foi a **5ª comunidade** con **máis alumnado matriculado nas Ensinanzas Deportivas de Réxime Especial**, manténdose **na media española**.

4.- ENSINANZAS VINCULADAS AO DEPORTE



Centros, profesorado e alumnado matriculado en Ensinanzas deportivas de Réximen Especial (2.1) (Figura 5.5)

Galicia encóntrase **entre as 5 primeiras comunidades** cun **maior número de mulleres matriculadas en ensinanzas de Réximen Especial vinculadas co deporte** cunha cifra de **103**, mais non chega a media española de **111** mulleres. Por outra banda, **igual a media** no **número de profesoras** deste tipo de Ensinanzas.




Centros, profesorado e alumnado matriculado en Ensinanzas deportivas de Réximen Especial (3) (Figura 5.5)

O **número do alumnado matriculado nas Ensinanzas de Réximen Especial vinculadas co deporte** en **Galicia mantéñese na media** das comunidades españolas cun total de **710**. Mais no **matriculado nos Ciclos Medios** a cifra é **lixeramente inferior á media**, permitindo un equilibrio co dos **Ciclos Supeiores** con **83** persoas matriculadas sobre **53**.

5.- DEPORTE FEDERADO




INCREMENTOUSE A BRECHA ENTRE MULLERES E HOMES FEDERADOS ENTRE O 2021 E O 2022



Licencias federadas segundo o sexo e 2022. Ordenadas pola variable "mulleres" (Figura 8.3)



GALICIA É A 7ª CC.AA DE ESPAÑA EN LICENCIAS DEPORTIVAS POR HABITANTES



Licencias federadas segundo o sexo 2021 e 2022 (Figura 8.3)


Galicia no 2022 encóntrase por **encima da media** en canto ao **nº total de licencias federativas** nun **37%**.

Cabe destacar que somos a **5ª comunidade** cun **maior número de mulleres con licencias federativas**, correspondéndose con un pouco máis da terceira parte da cifra dos homes, pasando aproximadamente o mesmo na media española, mais en Galicia a brecha é maior.

Amáis, entre o 2021 e o 2022 o número de **licencias galegas incrementouse** en case **50.000**, correspondendo a 1/5 das licencias no 2021.

GALICIA É A 8ª CCAA DE ESPAÑA CON MÁIS CLUBES DEPORTIVOS FEDERADOS POR HABITANTES

Galicia no 2022 encóntrase por **riba da media** en canto ao **nº de clubs deportivos federados**, sendo a **5ª comunidade** cun maior **nº de clubs deportivos federados**, constituíndo o **7,4% do total español** no 2022.




Clubes deportivos federados por comunidade autónoma 2022 (Figura 8.6)

6.- FORMACIÓN DE ADESTRADORES/AS —



Galicia no 2021 **está por debaixo da media total** do **nº de cursos para a formación de adestradores/as** no período transitorio*. Cabe destacar que no relativo aos **cursos de nivel 2**, a **comunidade galega** encóntrase por **riba da media**.


*Estas formacions poden realizarse e hasta que se implanten as ensinanzas oficiais da súa modalidade ou especialidade deportiva, poderán ter efectos académicos e profesionais, no seu caso, cas Ensinanzas Deportivas oficiais do sistema educativo cando se aprrobe o correspondente título oficial.



Formación do período transitorio polo nivel da actividade formativa. Por Cursos 2021 (Figura 9.7)


NECESITAMOS MELLORAR A FORMACIÓN DE ADESTRADORES/AS

Galicia pasou de ser a **6ª comunidade** autónoma cun **maior número de adestradores/as formados**, situándose lixeiramente **por encima da media** no 2020, a **ser a 8ª comunidade** correspondéndose **coa metade da media** española no 2021.




Formación do período transitorio polo nivel da actividade formativa. Por adestradores/as formados/as 2021 (Figura 9.7)






Formación do período transitorio polo nivel da actividade formativa. Por adestradores/as formados/as 2020-2021 (Figura 9.7)

HAI MÁIS GALEGAS FORMÁNDOSE COMO ADESTRADORAS QUE GALEGOS



Formación do período transitorio por sexo 2021. (Figura 9.8)



Formación do período transitorio según do nivel da actividade formativa 2020 e 2021. (Figura 9.8)

En **Galicia** no 2021 había **un maior número de mulleres en formación do período transitorio que de homes**, a pesares de que ambos valores estaban por **debaixo da media**.

A gran diferenza no número de adestradores/as formándose entre os anos 2020 e 2021 débese principalmente ao **descenso da formación dos homes**, que pasaron de ser **136 no 2020 a 59 no 2021**, cunha baixada moi superior á metade da cifra orixinal.

7.- HÁBITOS DEPORTIVOS —




GALICIA É A COMUNIDADE QUE MENOS DEPORTE PRACTICA SEMANALMENTE DE TODA ESPAÑA

A **comunidade galega** encóntrase por **debaixo da media** tanto no **número de mulleres, homes e de ambos** como na **frecuencia de práctica deportiva**. Cabe resaltar que a **porcentaxe de mulleres que practican deporte é alarmante**, pois é dun **38%**, sendo una das máis baixas de España e estando case **10 puntos porcentuais por debaixo da media**.





Persoas que practican deporte semanalmente dependendo do seu sexo. Na porcentaxe da poboación investigada de cada colectivo 2022 (Figura 11.2)

Durante o ano 2022, a **porcentaxe de galegas e galegos**, dentro das persoas que practican deporte, que **realizaron algún tipo de práctica deportiva al menos una vez por semana** foi do **91.9%** fronte ao **91.4% da media** do país, datos significativos para a comunidade deportiva, pois demostra o seu compromiso co deporte.



Persoas que practicaron deporte no último ano en función da frecuencia 2022 (Figura 11.8)

PREFERIMOS OS DEPORTES INDIVIDUAIS SOBRE OS DE EQUIPO



Persoas que practicaron deporte no último ano polo número de modalidades practicadas. Distribución porcentual da poboación que practicou deporte no último ano de cada colectivo 2022 (Figura 11.8)


Persoas que practicaron deporte no último ano segundo se trate de deportes individuais ou de. Distribución porcentual da poboación que practicou deporte no último ano de cada colectivo 2022 (Figura 11.10)

En **Galicia**, de entre as persoas que practican deporte, un **73%** varía entre **diferentes modalidades deportivas**, mentres que un **27%** se queda **cun único deporte**.

Por outra banda, a **poboación galega** que realiza algún tipo de práctica deportiva prefere os **deportes individuais (59,5%)** fronte aos **de equipo (10,4%)**. Situación moi **similar a imaxe do cómputo español**.


SOMOS UNHA DAS COMUNIDADES CUNHA MAIOR PORCENTAXE DE PARTICIPACIÓN EN COMPETICIÓNS DEPORTIVAS ORGANIZADAS

Dentro das persoas que practicaron deporte en **Galicia**, un **19%** delas **participou en competicións deportivas organizadas**, situándose **entre as 4 comunidades cunha maior porcentaxe** de participación neste tipo de actividades, e **superando a media de España en 2 puntos porcentuais**.



Persoas que practicaron deporte no último ano segundo a súa participación en competicións deportivas organizadas. Distribución porcentual da poboación que practicou deporte no último ano de cada colectivo 2022 (Figura 11.12)


Seguindo co mesmo grupo, a **poboación galega** que practica deporte sitúase, na súa maioría, **indiferente** en canto aos **días da semana nos que realiza a práctica (41.7%)**, mais a porcentaxe de persoas que escolleu de **luns a venres (41.7%)** supera con diferenza á dos **fin de semanas (17.2%)**.



Persoas que practicaron deporte no último ano segundo o día en que soen practicar deporte. Distribución porcentual da poboación que practicou deporte no último ano de cada colectivo 2022 (Figura 11.16)


GALICIA CAMIÑA CARA UN FUTURO SAUDABLE...

Galicia é a 7ª comunidade cunha maior porcentaxe de persoas que camiñan por lo menos 10 minutos seguidos co propósito de manter a súa forma física e a súa relación coa práctica deportiva, superando a media nun punto porcentual.




Persoas segundo a frecuencia coa que adoitan andar ou pasear polo menos 10 minutos seguidos co propósito de manter ou mellorar a súa forma física e a súa relación coa práctica deportiva. Na porcentaxe de toda a poboación investigada 2022 (Figura 11.26)

Galicia é unha das comunidades cunha **maior porcentaxe** de **persoas que camiñan** polo menos **10 minutos** seguidos co propósito de **manter ou mellorar a súa forma física e relación coa práctica deportiva todos os días**. Ademais, o 100% da poboación analizada faino polo menos unha vez ao mes.



Persoas segundo a frecuencia coa que adoitan andar ou pasear polo menos 10 minutos seguidos co propósito de manter ou mellorar a súa forma física e a súa relación coa práctica deportiva. Na porcentaxe da poboación investigada que andan por lo menos 10 minutos seguidos 2022 (Figura 11.26)

Apenas un **30% da poboación galega son socias ou abonadas a ximnasios, asociacións ou clubs deportivos**, primando os de **carácter privado** cunha porcentaxe do **20%** sobre os **públicos (10%)**. Situándonos por **debaixo da media** de todas as comunidades españolas.




Persoas que pertencen como membros, socias ou abonadas a ximnasios, asociacións ou clubs deportivos por titularidade. Na porcentaxe de toda a poboación investigada que son abonados ou socios de ximnasios, asociacións ou clubs deportivos 2022 (Figura 11.34)



...PERO NON IMOS MOITO AO XIMNASIO

Galicia ten a 3ª peor porcentaxe de persoas asociadas ou abonadas a ximnasios de toda España cun 18% do total da poboación investigada, sendo a media de todas as comunidades 2 puntos porcentuais superior á mesma.


Se desglosamos estes datos, podemos observar que hai unha maior porcentaxe de galegas e galegos asociadas a ximnasios privados (12,3%) que públicos (6%), ámbalas dúas por debaixo da media española.



Persoas que pertencen como membros, socias ou abonadas a ximnasios, asociacións ou clubs deportivos por titularidade. Na porcentaxe de toda a poboación investigada que son abonados ou socios de ximnasios 2022 (Figura 11.34)

Paralelamente, a porcentaxe da **poboación galega asociada a outras asociacións, distintas de ximnasia, e/ou clubs** é dun **14%**, un punto porcentual **por debaixo da media**.

Do mesmo xeito, as cifras de **persoas asociadas tanto a centros públicos como privados** mantense lixeiramente **por debaixo da media** cun **9%** e **5%** respectivamente.



Persoas que pertencen como membros, socios ou abonados a ximnasia, asociacións ou clubs deportivos por titularidade. Na porcentaxe de toda a poboación investigada que son membros ou socios de outras asociacións ou clubs 2022 (Figura 11.34)


8.- INSTALACIÓNS E ESPAZOS DEPORTIVOS –



EN CANTO A ESPAZOS DEPORTIVOS GALICIA ESTÁ ENTRE AS 8 CC.AA CON MENOS ESPAZOS POR HABITANTE

En relación aos diferentes tipos de **espazos e instalacións para a práctica deportiva**, **Galicia** consta de **9.843** espazos deportivos e **5.216** instalacións deportivas, ambas **superando á media española**, con **9.274** e **4.161** respectivamente.



Na mesma liña, a **comunidade galega** conta con **9.141** espazos convencionais, **473** espazos singulares e **229** áreas e actividade, non obstante, mentres que os primeiros **superan á media** de España (**8.463**), as outras dúas son **inferiores a media** do cómputo español, con **532** e **280** respectivamente.



Instalacións e espazos deportivos segundo a súa tipoloxía e comunidade autónoma. Espazos deportivos e instalacións 2005* (Figura 12.2)

*Nota: É moi probable que estes datos non se correspondan coa actualidade debido á súa antigüidade.

EN CANTO A INSTALACIONES DEPORTIVAS GALICIA É A 10ª CC.AA DE ESPAÑA CON MÁIS INSTALACIONES POR HABITANTE




Instalacións e espazos deportivos segundo a súa tipoloxía e comunidade autónoma. Espazos convencionais 2005* (Figura 12.2)


Instalacións e espazos deportivos segundo a súa tipoloxía e comunidade autónoma. Espazos singulares e áreas de actividade 2005* (Figura 12.2)

*Nota: É moi probable que estes datos non se correspondan coa actualidade debido á súa antigüidade.

PRECISAMOS ACTUALIZAR OS DATOS DO REXISTRO DE INSTALACIONES DEPORTIVAS



Áreas de actividade por tipoloxía e comunidade autónoma. 2005* (Figura 12.7)




Áreas de actividade por tipoloxía e comunidade autónoma. 2005* (Figura 12.7)

*Nota: É moi probable que estes datos non se correspondan coa actualidade debido á súa antigüidade.


9.- CAMpeonatos UNIVERSITARIOS E EN IDADE ESCOLAR



GALICIA NO TOP 5 DE COMUNIDADES CUNHA MAIOR PARTICIPACIÓN NOS CAMPIONATOS DE ESPAÑA EN IDAE ESCOLAR, CUN IGUAL NÚMERO DE NENAS E NENOS




Deportistas participantes en Campionatos de España Universitarios por sexo. 2022 (Figura 13.1)



Deportistas participantes en Campionatos de España en Idade Escolar por sexo. 2022 (Figura 13.5)

PARTICIPARON MÁIS GALEGAS CA GALEGOS NOS CAMPIONATOS DE ESPAÑA UNIVERSITARIOS



CONCLUSIÓN —

Finalmente, tras o análise da situación de Galicia no ámbito territorial español en relación ao sector deportivo, preséntanse a información máis relevante, contextualizando a situación da poboación galega e da súa industria deportiva.

O obxectivo da mesma é que sirva como orientación e presente unha idea da imaxe actual do ámbito deportivo na comunidade galega para o desenvolvemento de plans, proxectos ou reformas, entre outros, de cara á mellora da industria do deporte e do benestar tanto a nivel individual como colectivo, xerando impactos positivos en toda a poboación.



ÁMBITO ECONÓMICO

- Galicia presenta boas cifras relacionadas co número de empresas existentes na comunidade cuxa actividade económica principal estea relacionada co deporte.
- O gasto medio dos fogares máis o orzamento das Administracións Públicas son cifras moi positivas para a comunidade galega.

ÁMBITO DEPORTIVO

- Galicia supera con creces o número de licencias federadas en comparación coa media española.
- Galicia é a 6ª comunidade cun maior número de mulleres con licencias federadas.
- O número de mulleres que participaron en campionatos universitarios é superior ao dos homes.
- Só un 18% das persoas que practican deporte participan en competicións deportivas organizadas.

ÁMBITO SAUDABLE

- Galicia é a comunidade autónoma coa **peor porcentaxe de persoas que practicaron deporte** durante o último ano.
- En Galicia, o número de mulleres que practica deporte é moi inferior ao do resto de España.
- Galicia é a 3ª comunidade cunha menor porcentaxe de socios abonados a ximnasios.
- A porcentaxe da poboación galega que pertence a unha asociación, club o ximnasio é inferior á media española.

ÁMBITO FORMATIVO

- En Galicia non hai ningún centro público destinado explicitamente ás Ensinanzas de Réxime Especial.
- Galicia encóntrase por debaixo da media na oferta de cursos de formación de adestradores.
- O número de adestradores en formación diminuíu nun 50% entre 2020 y 2021.
- En Galicia hai máis mulleres formándose para ser adestradoras ca homes.



INFORME: GALICIA NO ANUARIO DE ESTATÍSTICA DEPORTIVA 2023

OBSERVATORIO GALEGO DO DEPORTE DO CLÚSTER GALEGO DA INDUSTRIA DO DEPORTE E BENESTAR